

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 3 de maio de 2013

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D^a Olga Alonso Suárez

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego

Invitados:

D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e quince minutos do día tres de maio dous mil trece e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(483).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(484).- NOMEAMENTO INTERINO, POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, DE TRES OFICIAIS CONDUTORES, CATRO OFICIAIS DESBROZADORES/XARDINEIROS E DEZ OPERARIOS PEÓNS PARA O SERVIZO DE LIMPEZA (CAMPAÑA DE LIMPEZA DE PRAIAS E OS SEUS ACCESOS-ANO 2013). EXPTE. 24055/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 29.04.13, e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 24.04.13, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Declara-la urxencia no nomeamento de dezasete funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas (tres oficiais condutores, catro oficiais desbrozadores/xardineiros e dez Axudantes de oficios), ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito periodo, xustificada nas necesidades do Servizo de Limpeza contidas no escrito de data 7 de febreiro de 2013 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 181.623,48€ con cargo a partida orzamentaria 922.0.140.00.00 -outras modalidades contratación laboral, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

Segundo.- Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un periodo máximo de seis meses, como oficiais condutores á D. FRANCISCO MORILLO PEREDA, DNI 36.075.512-H, D. ANTONIO PÉREZ RODRÍGUEZ, DNI 76.708.986-F E D. NEMESIO VILA ROMERO, DNI 36.074.492-G, seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios da oposición na derradeira convocatoria para a provisión de prazas de Oficial condutor , incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma e, a acta do Órgano de Selección de data 3 de novembro de 2011.

Terceiro.- Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un periodo máximo de seis meses , como oficiais desbrozadores/as-xardineiros/as, a D. ARTUR SÁNCHEZ REGUEIRA, DNI 36.160.674-M, D. ALVARO OTERO PAZOS, DNI 52.499.591-K, D^a. LOIDA ALONSO ESTÉVEZ, DNI 36.148.846-E e, D^a. PURIFICACIÓN BASTOS VILLAR, DNI 36.071.578-B, seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios da oposición na derradeira convocatoria para a provisión de prazas de oficiais desbrozadores/as-xardineiros/as, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma e, a acta do Órgano de Selección de data 3 de xuño de 2011.

Cuarto.- Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un periodo máximo de seis meses, como operarios/as-peóns, a D. EDUARDO VI-

CENTE BEA PUENTES, DNI 36.143.294-J, D. FRANCISCO JAVIER RIOBÓ GONZÁLEZ, DNI 36.142.675-S, D. ROBERTO RIVEIRO MONTES, DNI 36.127.198-V, D. JAVIER SÁNCHEZ FIGUEROA, DNI 36.133.791-D, D. BERNARDINO SERRA TIELAS, DNI 35.553.506-Z, D. JULIO RODRÍGUEZ PRESAS, DNI 76.700.547-D, D. ADONIS ASENSIO RODRÍGUEZ, DNI 36.157.447-K, D. ÁNGEL GABRIEL ÁLVAREZ GÓMEZ, DNI 35.993.183-T, D. JOSÉ SALVADOR SANMARTÍN LAGO, DNI 36.022.167-G e D. MANUEL COMESAÑA ARAUJO, DNI 36.099.135-Z, seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios da oposición na derradeira convocatoria para a provisión de prazas de axudantes de oficios, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma e, a acta do Órgano de Selección de data 26 de decembro de 2011.

Quinto.- Os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcurran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria dos postos Cód. 233-oficial condutor/a, 234-oficial xardineiro/a e, 158-operario-a/peón, sendo adscritos/as ao Servizo de Limpeza (cód. 252)".

Sexto.- A xornada laboral dos traballadores/as nomeados/as, desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá –06,45 a 14,15 horas-, coa excepción do período comprendido entre o 1 de xuño e o 31 de agosto, no que a xornada será de 06,00 a 13,30 horas. En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requerimento do Servizo fose necesario.

Sétimo.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M^a Jesús Lago Rey.